

NEGOCIACIÓN DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DE PACs



O venres 22 de febreiro chegouse na mesa sectorial a un preacordo na negociación sobre as condicións de traballo en PACs que representa un notable avance sobre as condicións de xornada e retribucións actualmente vixentes para este persoal e que elimina as principais ameazas que as anteriores propostas do Sergas viñan recollendo.

Como en toda negociación, non se acadou nesta todo o que inicialmente se quere, si ben despois de case catro meses de conflito e de negociación, e dada a actual correlación de forzas, entendemos que non hai marxe para acadar mellores condicións cas xa consolidadas con este preacordo.

A posición da CIG neste conflito foi sempre clara e firme: apostamos pola unidade de acción na Plataforma Sindical ata que alguén decidiu rachala, e fixemos logo unha serie de propostas escritas como condición de firma que foron apoiadas maioritariamente polo colectivo... e o resultado desa nova situación é este preacordo. Tamén é necesario reiterar que o preacordo só se convertirá en acordo unha vez ratificado por unha maioría do colectivo en toda Galicia.

OS CONTIDOS DO PREACORDO

MATERIA	CONTIDO	OBSERVACIÓNS
Xornada ordinaria	1.430 horas, con efectos do 1/7/09 1.515 entre o 1/1/08 e o 30/6/09	A xornada ordinaria actual é de 1570. A proposta inicial do Sergas só chegaba ata 1465 horas, aplicables en 2010.
Xornada complementaria	Inicialmente faise unha oferta de voluntariedade, con tramos de horas a escoller entre 230 e 660 anuais. Só si a voluntariedade non chega para cubrir todas as horas necesarias en cada PAC se poderían esixir horas obrigatorias ata un máximo de 1570. Por encima deses límites só cabe, si fose o caso, a realización de gardas forzosas xunto co persoal de ordinaria. Todas as horas de xornada complementaria en PAC, dende a primeira ata a última efectivamente realizada, abónase a 24'48 euros para facultativos e a 16'03 para enfermería, ademáis do valor adicional das horas nocturnas e das festivas.	Desaparece a ameaza da extensión da xornada ata as 1762 horas que propoñía o Sergas dende o 6 de novembro. O valor das horas realizadas no propio PAC por encima da xornada ordinaria pasan a pagarse igual cas realizadas en Unidades, incrementadas co valor das horas nocturnas e das horas festivas. Con estes datos cada persoa pode calcular en canto sae cada garda adicional feita por encima da xornada ordinaria, e comparar a súa diferenza respecto do valor actual.
Complemento de nocturnidade	Recoñecese o pago deste complemento polas horas nocturnas realizadas (entre as 22 e as 08), acadando en xaneiro do 2008 o 40% do seu valor, en xaneiro do 2009 o 80% e en xaneiro do 2010 o 100%.	En prezos do 2008, cada noite vale 42'00 euros para facultativos e 30'80 para enfermería, polo que os valores a aplicar en cada ano serían: Facultativos: 16'80 - 33'60 - 42'00 Enfermería: 12'32 - 24'64 - 30'80

NEGOCIACIÓN DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DE PACs

<p>Complemento de festividade</p>	<p>Recoñese o pago deste complemento polas horas realizadas en domingos e festivos, acadando en xaneiro do 2008 o 40% do seu valor, en xaneiro do 2009 o 80% e en xaneiro do 2010 o 100%.</p> <p>Debe negociarse no próximo acordo xeral, para todo o persoal do Sergas, a eliminación da actual prohibición legal para pagar o complemento de festivos nas horas nocturnas de domingos e festivos.</p>	<p>En prezos do 2008, cada hora festiva vale 9'98 euros para facultativos e 7'33 para enfermería. A súa aplicación en anos sería:</p> <p>Facultativos: 3'99 – 7'98 – 9'98</p> <p>Enfermería: 2'93 – 5'86 – 7'33</p>
<p>Complemento de turnicidade</p>	<p>O preacordo só inclúe unha referencia a poder retomar a negociación deste concepto no próximo acordo xeral de condicións de traballo para todo o persoal do Sergas.</p>	<p>A polémica xerada sobre este complemento ten delito. Como poden inventarse tantas falsedades e como pode haber tanta xente que as crea. Só hai que leer. Como pode decirse/creerse que a CIG quere poñer a traballar aos PACs a turnos de 7 e 10 horas, si a CIG é a única organización que na mesa sectorial se enfrentou á Administración en contra desa proposta do Sergas. E de feito esa proposta desapareceu do texto, porque nunca a imos aceptar.</p> <p>O que a CIG defende é que traballar en horarios de 17 e de 24 horas é tamén un traballo a turnos. Igual que se definiu e se recoñeceu para os médicos de urxencias hospitalarias. E que esa xornada é distinta e máis penosa que a de quen traballa só de mañás, en turno fixo. E que eso debe compensarse cun complemento retributivo. E seguiremos loitando por ese obxectivo.</p>
<p>Celadores en funcións de PSX</p>	<p>Crease un grupo de traballo para analizar a situación de plantillas e de funcións do persoal non sanitario dos PAC, e a forma de acceder a eles no futuro.</p> <p>Complementariamente, recoñese aos Celadores de PAC que asuman as tarefas administrativas do mesmo un complemento retributivo por esas funcións, cifrado en 45 euros mensuais.</p>	<p>A problemática derivada tanto das progresivas modificacións de funcións do persoal non sanitario nos PACs, a raíz da súa informatización, como das diferentes expectativas de acceso a eses postos por parte tanto de Celadores (de hospitais e de primaria) como de PSX, obriga a que defendamos a necesidade dese grupo de traballo para acadar solucións consensuadas a esa situación.</p>

Inda así non está todo o traballo feito, xa que nunca deixaremos de ter que loitar para que os acordos se apliquen correctamente, para que os dereitos se respeten, para conquistar novos dereitos,... e por tanto este preacordo só acadará o seu verdadeiro valor si mantemos un fronte unido para que na súa aplicación as xerencias respeten dunha vez por todas a realización de calendarios equitativos, o exercicio real do dereito a vacacións e permisos, unha voluntariedade real e non coactiva, a erradicación da dispoñibilidade permanente, etc, etc.

Por outra parte, e sendo esta unha regulación complementaria á que se estableza para UAPs, teremos tamén que entender que a loita global para mellorar a atención sanitaria e as condicións de traballo en Atención Primaria (ordinaria e urxente) non se acaba con estes preacordos senón que afrontará novas batallas en pouco tempo. A principal será a negociación nos próximos meses do chamado Acordo Marco (de afectación xeral a todo o persoal do Sergas) no que deberemos tratar de resolver aspectos que agora só quedan apuntados porque necesitan de solucións globais: rebaixar a xornada ordinaria, subir o prezo das gardas e da xornada complementaria, pagar o plus de festivos nas noites de festivos, pagar os sábados como festivos, equiparar retribucións globais entre colectivos, e outras de similar trascendencia.